



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES, ESCRITOS, COMUNICACIÓNS E DOCUMENTOS NO CASO DE DETERMINADAS INCIDENCIAS TÉCNICAS QUE IMPOSIBILITEN O FUNCIONAMENTO ORDINARIO DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de decreto polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, escritos, comunicacóns e documentos no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

De acordo co artigo 149.1.18 da Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas e en materia do procedemento administrativo común.

O artigo 27 do Estatuto de Autonomía para Galicia atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de organización das súas institucións de autogoberno (artigo 27.1) e normas procesais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos (27.5). Pola súa banda, o artigo 28 establece que é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública de Galicia (artigo 28.1).

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen un novo escenario normativo para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas, e, polo tanto, tamén no sector público autonómico de Galicia, e introduce de maneira transversal o emprego de medios electrónicos nas relacións entre as administracións públicas e entre estas e os cidadáns, xeneralizando o uso de medios electrónicos en todas as fases do procedemento administrativo.

O artigo 32.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, regula como causa xustificativa da ampliación de prazos que “cando unha incidencia técnica imposibilitase o





funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos e deberá publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido”, precepto aprobado ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas e competencia en materia de procedemento administrativo común e sistema de responsabilidade de todas as administracións públicas.

No ámbito autonómico, a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, no seu artigo 104.2 establece que “así mesmo, respecto dos procedementos cuxa tramitación e resolución sexan da competencia do sector público autonómico, regulamentariamente establecerase o réxime de ampliación dos prazos aplicable e a emisión de certificados acreditativos da indispoñibilidade no caso de incidencias técnicas non planificadas que imposibiliten o funcionamento ordinario do sistema ou da aplicación que corresponda. Exceptuaranse do dito réxime aqueles procedementos que teñan unha normativa específica que resulte incompatible con el.” De acordo co artigo 17.1.h) da mesma Lei, a sede electrónica da Xunta de Galicia facilitará “A información relativa ás indispoñibilidades do servizo por incidencias técnicas, e, no caso de ampliación do prazo derivada dunha incidencia técnica, a incidencia técnica acontecida e mais a ampliación concreta do prazo non vencido.”

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Para que o emprego de medios electrónicos poida efectivamente contribuír á boa administración e non ser fonte de obstáculos a esta, é necesario que a xeneralización de emprego de tales medios nas relacións da cidadanía coa Administración vaia acompañada de solucións normativas para os supostos nos que tales medios fallen.

O presente decreto responde así á necesidade de establecer, dentro do marco normativo e competencial referenciado, con carácter xeral respecto dos procedementos administrativos de competencia autonómica, unha ampliación de prazos non vencidos para a presentación de solicitudes, escritos, comunicacións e documentos nos supostos de produción de incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia cando tales incidencias afecten á última hora do prazo de que se trate ou imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica durante, polo menos, tres horas ininterrompidas durante as doce últimas do dito prazo. Todo iso na procura de incrementar a seguridade xurídica da actuación administrativa, de facilitar as relacións





electrónicas da Administración coa cidadanía con plena garantía dos seus dereitos e de mellorar a xestión e a transparencia.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, recolle unha regra específica sobre a materia no número 4 do artigo 32, conforme ao cal, cando unha incidencia técnica imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido.

No caso de incidencias técnicas no funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia pode verse afectado o exercicio de dereitos da cidadanía cando estes estean vinculados a prazos toda vez que, como se indicou antes, a dita sede electrónica dá acceso ao rexistro electrónico, de aí a importancia de conseguir que tales incidencias, de producirse, teñan a menor repercusión posible no exercicio dos dereitos da cidadanía. Agora ben, a posibilidade de que, nestes casos e tratándose de incidencias técnicas non planificadas, se acorde ad hoc, e respecto de cada procedemento en concreto, a ampliación de prazos non vencidos para a presentación de documentos antes do vencemento de tales prazos resulta practicamente imposible nos supostos nos que as ditas incidencias se produzan nas últimas horas do último día do prazo, tendo en conta que o rexistro electrónico permite a presentación de documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas, tal e como prescriben o artigo 31 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o artigo 29.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e os artigos 36.3 e 43 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro

A duración desta ampliación se fixa en vinte e catro horas hábiles, atendido o lapso temporal necesario, segundo se ten comprobado dende a posta en funcionamento da sede na práctica totalidade dos casos, para a solución de incidencias técnicas que poidan presentarse. A este respecto debe indicarse que a sede electrónica dispón de soporte técnico 24 horas tódolos días da semana. Non obstante, no caso de que, por circunstancias excepcionais e debidamente motivadas, se aprecie que a incidencia persistirá máis aló do dito prazo, mantense a posibilidade de que, respecto de cada procedemento e polo órgano en cada caso competente, se valore a adopción dun acordo ad hoc de ampliación e/ou a adopción doutras medidas que se estimen necesarias.

3.- Contido

Con respecto á súa estrutura, o proxecto consta de catro artigos unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria única e dúas disposicións derradeiras.





Nos artigos 1 e 2 se regula, respectivamente, o obxecto da norma e o seu ámbito de aplicación, que abrangue os procedementos administrativos cuxa tramitación e resolución sexan competencia de órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

Os artigos 3 e 4 establecen as previsións concretas sobre os termos nos que se producirá a ampliación de prazos, o modo no que debe deixarse constancia de tal ampliación nos expedientes administrativos afectados e a publicidade na Sede electrónica e na intranet corporativa, da incidencia técnica producida e da ampliación de prazos, con referencia aos procedementos afectados.

Na disposición derogatoria única se prevé a derogación de todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Na disposición derradeira primeira recolle a modificación do número 4 do artigo 36 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, co fin de que o disposto nel garde coherencia coa regulación contida no presente decreto, diferenciando a interrupción do funcionamento do rexistro electrónico planificada e non planificada.

As disposicións derradeiras segunda e terceira establecen a habilitación para o desenvolvemento normativo e a entrada en vigor.

3.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Certificado trámite de consulta pública previa 08/08/2018
- Designación polo Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, das entidades participantes na elaboración e da entidade impulsora 06/09/2018
- Acordo de inicio 06/09/2018
- Memoria xustificativa do 12/09/2018 e nova memoria xustificativa actualizada 04/11/2019
- Memoria económica - financeira do 12/09/2018
- Táboa de vixencias do 12/09/2018 e nova táboa de vixencias actualizada do 04/11/2019





- Informe do Servizo de Apoio Técnico, do 14/09/2018
- Aprobación inicial do 17/09/2018
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 28/09/2018
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 27/09/2018
- Informe Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 02/10/2018
- Certificado publicación portal de Transparencia 21/11/2018
- Informe das alegacións recibidas e do tratamento dado ás mesmas, do 05/08/2019
- Informe da Asesoría Xurídica, do 04/11/2019 e memoria xustificativa da Amtega, de 04/11/2019, do tratamento dado ás súas observacións.

En virtude do exposto, emítese o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e procede solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia, segundo do disposto no artigo 12.c) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Manuel Galdo Pérez

